

# O EFECTO FRANKENSTEIN

Elia Barceló



**Nome:** Dennís Gregorio Fernández

**Curso:** 2º ESO

**Materia:** Lingua Galega

**Data de entrega:** 19/02/2021

# ÍNDICE

1. Explicación do título da novela relacionado co seu argumento	3
2. Estudo dos personaxes	3 e 4
3. Análise de palabras	4
4. Final alternativo	4 e 5
5. Opinión persoal	5
6. Bibliografía	5

## 1. Explicación do título da novela

**Tipo de novela:** fantástica, aínda que tamén realista porque a idea do argumento colleuse dun antigo libro titulado: “Frankenstein o el moderno Prometeo”

**Tipo de narrador:** narrador en 3ª persoa omnisciente, xa que este sabe en todo momento os sentimentos dos personaxes e sábeo todo acerca deles. A historia está narrada en pasado.

*Levaban xa máis dunha hora paseando pola beira do río.*

*Os tres quedaron mirándose sen saber que estaba pasando.*

**Época, lugar e tempo:** a historia desenvólvese en dúas épocas: no século XIII e XIV por unha parte e no século XXI pola outra, nas dúas épocas o lugar principal é a cidade alemana de Ingolstadt, a pesar de que na última parte da novela, a trama desenvólvese en Salzburgo e Hohenfels.

**Argumento:** a novela narra a historia de dous rapaces universitarios, chamados Nora e Max, os cales viven varios viaxes entre tempos, ata que nun viaxe de Nora ao pasado, o portal por onde viaxaban cerrouse, imposibilitando a volta da moza ao seu século, o século XXI. Debido a isto, Nora deberá adaptarse a época que de aí en adiante será a época na que vivirá, a pre Revolución Francesa. Logo de facerse moi amigos (máis adiante esposos), Nora e Max intentan averiguar o porqué dese portal e dos cosidos no peito do rapaz e logo, o da aparición dun terrible monstro creado polo amigo de Max, Víctor Frankenstein, e de aí sae o título da novela, “O efecto Frankenstein”

## 2. Estudo dos personaxes

- **Personaxes principais:**

- **Maximilian:** tamén coñecido coma Max, é o protagonista da historia xunto a Nora, unha moza que viaxou dende o futuro por un pasadizo atopado na súa casa. É un nobre do século XVIII, conde de Hohenfels, estudante de medicina na universidade de Ingolstadt, resucitou grazas ao seu mellor amigo Víctor Frankenstein logo dun intento de asasinato por parte duns mandados polo seu curmán Johannes. Ao final da historia convértese en esposo de Nora, a cal axúdao moito a cambiar os seus pensamentos retrógradas, aínda que na época eran totalmente modernos.

- **Nora:** tamén coñecida coma Eleonora cando viaxa ao pasado, é a protagonista da historia xunto a Maximilian. É unha estudante de medicina na universidade de Ingolstadt no século XXI, pero a viaxe o pasado faille parar ditos estudos (no século XVIII nin por asomo imaxinábase a unha muller estudando). Trátase dunha muller adiantada ao seu tempo (polo simple feito de que o seu verdadeiro século é o XXI). Logo de casar con Max, convértese en condesa de Hohenfels.

- **Personaxes secundarios:**

**O monstro Frankenstein**

**Johannes**

**Eder Wolf, “O lobo”**

**Víctor Frankenstein**

**Katharina**

### **3. Análise de palabras**

- **Chatola:** cravo curto con cabeza grande.

*Na clase temos unha cortiza con papeis cravados por chatolas.*

- **Tanguer:** tocar [un instrumento musical, unha campá etc.].

*Miña curmá tangué a guitarra.*

- **Toga:** peza de vestir exterior, longa, frouxa e xeralmente de cor negra, usada por maxistrados, avogados, catedráticos e doutores universitarios en certas cerimoniais.

*O avogado puxo a toga para empezar o xuízo.*

- **Caluga:** parte posterior do pescozo, onde empeza a cabeza.

*Un golpe na caluga pódete facer moito dano.*

- **Saloucar:** chorar facendo certos ruídos coa gorxa e o nariz, cortando momentaneamente o choro, ou suspirando.

*O rapaz púxose a saloucar cando me viu.*

### **4. Final alternativo**

O final remata con Max e Nora volvendo ao século XXI logo de que Max inxectáralle un elixir para intentar curar o cancro terminal que tiña esta.

O meu final comeza no momento que atopan aberto o portal que lles levará ao século XXI.

-Cruzamos?- preguntou Nora dubitativa.

-Non temos nada que perder- respondeu Max.

Os dous cruzaron o portal e apareceron nunha rúa escura e baleira.

-Estamos en Ingolstadt?- preguntou Nora asustada ao verse unha rúa tan baleira e escura cando parecía ser aínda de día.

-Dubídoo moito- respondeu el

Camiñaron durante media hora seguida sen rastro de luz nin moito menos de vida, nin sequera había plantas.

Bang!- soou detrás deles

Dous homes encapuchados con pistola apareceron detrás deles

Aaargh!- soltou Max, o cal había alcanzado a bala dos dous homes misteriosos.

Max!- lamentouse Nora

Antes de que esta puidese facer nada outra bala saíu da pistola dun deles...

## 5. Opinión persoal

Na miña opinión o libro é demasiado extenso, descríbese todo en exceso (cousa que a outras persoas gústalle, pero a min non me parece atractivo) e resulta algo parado na metade deste ata chegar ao final, o cal pareceume moi entretido deixándome con ganas de saber o que pasou logo de que Nora e Max volveran ao século XXI. Se o que é o nó da trama resúltase un pouco máis entretido, na miña opinión sería un libro de 10, aínda así pareceume un libro moi interesante e encantoume a maneira na que a autora mesturou a famosa novela de “Frankenstein ou o moderno Prometeo” e tamén que amosa que aínda que as mulleres na época eran tratadas de forma moi cruel, había algunhas que xa tiñan un pensamento moderno para o tempo no que estaban e non se deixaban persuadir polos pensamentos retrógradas e o machismo.

- Recomendaría a lectura? Si, sen dúbida.

- Dúas razóns:

1. No libro a parte de outras moitas cousas pódese aprender tamén de cultura, é dicir, como era o comportamento da xente no século XVIII, as súas costumes...

2. Como dixen antes, a maneira que ten a autora de mesturar a trama da historia de Frankenstein coa súa propia trama, fai un libro interesantísimo.

## 6. Bibliografía

- O efecto Frankenstein. Elia Barceló. Edebé.

- <https://cdn5.dibujos.net/dibujos/pintados/201826/cara-de-frankenstein-fiestas-halloween-11398458.jpg> (foto da portada)

- <https://academia.gal/inicio> (análise de palabras)